

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA

*Calendario do contribuínte 2019: subsanación de erros*

### ANUNCIO

#### CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE 2019: SUBSANACIÓN DE ERROS

Detectados erros no Calendario publicado no B.O.P n.º 8, do 11.01.2019, procédese á súa subsanación e nova publicación íntegra deste Calendario do Contribuínte para o exercicio 2019:

#### PERÍODOS VOLUNTARIOS DE INGRESO DAS DÉBEDAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA

O artigo 25 da Ordenanza xeral municipal de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público dispón que os períodos para pagar os tributos e outros ingresos públicos de carácter periódico que se xestionen por recibo serán establecidos pola Alcaldía, e serán obxecto de difusión a través da sede electrónica do Concello.

No caso dos tributos de notificación colectiva e periódica (padróns fiscais) que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras, os períodos voluntarios de pagamento deberán ser establecidos de conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, do 17 de decembro.

En base ao exposto, e en uso das atribucións previstas no artigo 21.1. f) e s) d7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 25 da Ordenanza Fiscal Xeral, a Alcaldía resolveu aprobar o CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE para o exercicio 2019, de acordo co seguinte detalle:

#### 1. INGRESOS DE DEVENGO ANUAL E NOTIFICACIÓN COLECTIVA

INGRESO	PERÍODO DE COBRO
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	Do 15 de marzo ao 15 de maio
Imposto sobre bens inmobles	Do 1 de setembro ao 20 de novembro
Imposto sobre actividades económicas	Do 1 de setembro ao 20 de novembro
Taxa sobre vaos permanentes e as reservas da vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras actividades de interese particular	Do 15 de setembro ata ao 15 de novembro
Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa	Do 15 de setembro ao 15 de novembro

#### 2. INGRESOS DE VENCEMENTO TRIMESTRAL E NOTIFICACIÓN COLECTIVA

INGRESO	PERÍODO DE COBRO		
	PERÍODO	INICIO	REMATE
Taxas polos servizos de subministración de auga potable, recollida do lixo e redes de sumidoiros	Trimestre 1	15/05/19	15/07/19
	Trimestre 2	15/08/19	15/10/19
	Trimestre 3	15/11/19	15/01/20
	Trimestre 4	15/02/20	15/04/20
Taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos de venda ambulante	Trimestre 1	15/02	15/04
	Trimestre 2	05/05	05/07
	Trimestre 3	05/07	05/09
	Trimestre 4	05/10	05/12
Taxa pola prestación do servizo de mercados municipais	Trimestre 1	15/01	15/03
	Trimestre 2	05/04	05/06
	Trimestre 3	05/07	05/09
	Trimestre 4	05/10	05/12

	PERÍODO	INICIO	REMATE
Taxa pola instalación de quioscos na vía pública	Trimestre 1	15/01	15/03
	Trimestre 2	05/04	05/06
	Trimestre 3	05/07	05/09
	Trimestre 4	05/10	05/12
	PERÍODO	INICIO	REMATE
Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos, puntais, asnelos, estadas e outros materiais de construción	Trimestre 1	15/01	15/03
	Trimestre 2	05/04	05/06
	Trimestre 3	05/07	05/09
	Trimestre 4	05/10	05/12

### 3. INGRESOS DE DEVENGO MENSUAL E NOTIFICACIÓN COLECTIVA

Prezo público polo uso dos servizos do viveiro empresas	Do día cinco de cada mes ate o día cinco do segundo mes posterior.
Taxa polo uso de instalacións deportivas	
Prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades da oficina municipal de deportes.	
Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar	
Taxa pola prestación do servizo do centro de atención á primeira infancia.	

Sen prexuízo do anterior, a Alcaldía resérvase a facultade de modificar o presente calendario cando motivos de índole técnica, debidamente xustificadas no expediente, impidan a posta ao cobro dos valores nas datas sinaladas, informando de tales circunstancias aos cidadáns coa suficiente antelación unha vez aprobados os correspondentes padróns fiscais e o seu prazo de ingreso en período voluntario.

Riveira, a 14/01/2019.

O alcalde

Manuel Ruiz Rivas

2019/300